

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APERTURA DE GABIAS, CALICATAS E CALAS EN TERREOS DE USO PUBLICO LOCAL, INCLUSIVE ESTRADAS, CAMIÑOS E DEMAIS VÍAS PÚBLICAS LOCAIS, PARA A INSTALACIÓN E REPARACIÓN DE CAÑARÍAS, CONDUCCIÓN, E OUTRAS INSTALACIÓNS, ASÍ COMO CALQUERA REMOCIÓN DE PAVIMENTO E BEIRARRÚAS NA VÍA PÚBLICA.

ARTIGO 1º.—NATUREZA E FUNDAMENTO

O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a imposición e ordenación da Taxa pola apertura de gabias, calicatas e calas en terreos de uso público local, inclusive estradas, camiños e demais vías públicas locais, para a instalación e reparación de cañarías, conducións, e outras instalacións, así como calquera remoción de pavimento e beirarrúas na vía pública.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa, a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no título desta Taxa.

ARTIGO 3º.—SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no artigo segundo.

ARTIGO 4º.—RESPONSABLES

Serán responsables solidarios e subsidiarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas as que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º. - COTA TRIBUTARIA

A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo.

TARIFAS

<i>CONCEPTO</i>	<i>€/M.L. OU FRACC.</i>
Apertura de canles ou zanxas para novas instalac. ou reparacións:	
a) En calzadas ou beirarrúas pavimentadas:	
Rúas de 1ª categoría	5.03
Rúas de 2ª categoría	3.34
Rúas de 3ª categoría	1.67
b) En calzadas ou beirarrúas sen pavimentar:	
Rúas de 1º categoría	3.34
Rúas de 2ª categoría	2.51
Rúas de 3ª categoría	1.24

ARTIGO 6º. – BENEFICIOS FISCAIS

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de Lei ou deriven de Tratados ou Acordos Internacionais.

ARTIGO 7º. – DEVENGO

O devengo da taxa prodúcese no momento de solicitala correspondente licenza.

ARTIGO 8º. – XESTIÓN.

A taxa esixirase en réxime de autoliquidación. O suxeito pasivo deberá efectuar o ingreso correspondente no momento de presentala solicitude de licenza ou autorización para que esta sexa admitida a trámite. En ausencia de solicitude, o suxeito pasivo deberá efectuar dito ingreso na data de inicio da utilización ou aproveitamento, elo sen perxucio das actuacións que procedan en orde á restitución da legalidade.

- Coa solicitude, deberá aportar os documentos precisos para poder resolver (plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal).
- O ingreso da autoliquidación non causará dereito algún e non faculta ó interesado para realizar os aproveitamentos, que só poderán levarse a cabo cando o Concello conceda a licenza ou autorización correspondente.
- Unha vez tramitado o expediente, practicaranse os aboamentos ou esixiranse as diferenzas que procedan.
- Autorizada a utilización ou aproveitamento, entenderase prorrogado automaticamente, ata que a baixa sexa solicitada polo interesado. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.
- Cando por causas non imputables ó suxeito pasivo a utilización ou aproveitamento non se leve finalmente a cabo, o Concello procederá a devolución da taxa correspondente.

ARTIGO 9º. – INFRACCIÓNS E SANCIONES

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO
LOCAL CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, ESCOMBROS, VALLAS, PUNTAIS,
CABALETES, ANDAMIOS, E OUTRAS INSTALACIONES ANÁLOGAS.**

ARTIGO 1º. – NATUREZA E FUNDAMENTO

O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a imposición e ordenación da taxa pola ocupación de terreos de uso público municipal con mercadorías, materiais de construción, refugallos, valados, puntais, andamios e outras instalacións análogas.